



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Sección de bolsas – Pavillón de estudantes
Campus de Elviña – 15071 A Coruña
Correo Electrónico: bolsas@udc.es

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE URBANO NA CIDADE DA CORUÑA E PARA AS ÁREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA E DE FERROL CURSO 2017-2018

OBXECTO E PERSOAS BENEFICIARIAS

A Universidade da Coruña (UDC) convoca 2070 axudas para o transporte urbano na cidade da Coruña ou para transporte metropolitano da Coruña e Ferrol destinadas ao alumnado da UDC que estea matriculado no curso 2017-2018 dun mínimo de 30 créditos nunha titulación oficial no Campus da Coruña ou no Campus de Ferrol e cumpra os requisitos esixidos nesta convocatoria.

Non poderá gozar desta axuda o alumnado que estea realizando unha mobilidade estatal (SICUE) ou internacional (ERASMUS e asimilables) no curso 2017/2018, independentemente da duración da estada nin aquel alumnado que estea en planos de estudos sen dereito a docencia.

NORMAS DE APLICACIÓN

A esta convocatoria seralle de aplicación a seguinte normativa, así como os criterios económicos e patrimoniais regulados nela:

Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime de bolsas e axudas ao estudo personalizadas (BOE do 17 de xaneiro)

Real Decreto 726/2017 do 21 de xullo, polo que se establecen os límites da renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2017-2018 e se modifica o Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro (BOE do 22 de xullo)

A Resolución do 3 de agosto de 2017, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan bolsas de carácter xeral para o curso académico 2017-2018 para estudantes que cursen estudos postobrigatorios (BOE do 10 de agosto de 2017)

MODALIDES E CONDICIÓNS DE DISFRUTE DAS AXUDAS

As modalidades de axudas serán dúas: unha destinada ao transporte urbano da cidade de A Coruña e outra destinada ao transporte metropolitano das Áreas Metropolitanas da Coruña e de Ferrol.

Para poder beneficiarse destas axudas no transporte urbano da Coruña ou metropolitano será requisito inescusable estar en posesión de:

- Tarxeta Millenium no caso do transporte urbano na cidade da Coruña. Para axilizar a xestión da axuda, no caso de non teren a citada tarxeta, recoméndase



Sección de bolsas – Pavillón de estudantes
Campus de Elviña – 15071 A Coruña
Correo Electrónico: bolsas@udc.es

ao alumnado solicitala canto antes acudindo as oficinas do Concello da Coruña sitas na Estación de autobuses, no Forum Europa no Agora ou ben no Pazo de María Pita.

- Tarxeta do Transporte Metropolitano de Galicia para as áreas metropolitanas :
 - a) No caso do alumnado da UDC que curse estudos na Coruña os desprazamentos bonificados son os desprazamentos entre calquera concello da Area de Transporte Metropolitano da Coruña e os concellos da Coruña e de Oleiros nos que se localizan as dependencias universitarias. A relación de concellos que integran a ATM da Coruña aparece recollida no seguinte enlace web: <http://tmg.cmati.xunta.es/area-da-coruna>
 - b) No caso de alumnado da UDC que cursa os seus estudos en Ferrol os desprazamentos bonificados neste caso son os desprazamentos entre calquera dos concellos da Area de Transporte Metropolitano de Ferrol e o concello de Ferrol no que se localizan as dependencias universitarias. A relación de concellos que integran a ATM de Ferrol aparece recollida no seguinte enlace web: <http://tmg.cmati.xunta.es/area-de-ferrol>.

En ningún caso se aplicaran estas bonificacións aos desprazamentos que se realicen fóra das ATM citadas ou que supoñan relacións entre concellos que pertencen a dúas áreas metropolitanas distintas.

O alumnado que curse estudos na Facultade de Ciencias do Deporte e resida no concello da Coruña terá que estar en posesión da TMG para poder se beneficiar da axuda. A tarxeta Millenium non da dereito a esta bonificación.

A TMG debe adquirirse ao prezo unitario establecido nas oficinas da entidade bancaria colaboradora no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia no seguinte enlace web: <http://tmg.cmati.xunta.es/tarxeta-metropolitana-introducion>.

O aboamento das axudas a través da TMG farase efectivo para as persoas beneficiarias no momento en que estas efectúen a recarga da tarxeta a finais do mes seguinte a aquel no que comecen a aplicarse as axudas. As persoas beneficiarias dispoñen dun prazo de dous meses para efectuar a recarga da axuda. No caso de non facela neste prazo esta recarga caducará e perderán o dereito a percibir a axuda. As persoas beneficiarias das axudas poden consultar o estado das súas recargas no seguinte enlace: <http://tmg.cmati.xunta.es/consulta-tarxeta>.

No caso da tarxeta Millenium para transporte urbano o alumnado terá un prazo de dous meses para activala desde a resolución definitiva da convocatoria. No caso de non facelo así perderá o dereito a axuda. A tarxeta Millenium poderá ser utilizada no curso seguinte por aquel alumnado que non esgotara a totalidade das viaxes subvencionadas



Sección de bolsas – Pavillón de estudantes
Campus de Elviña – 15071 A Coruña
Correo Electrónico: bolsas@udc.es

e continúe estudos na UDC para o curso seguinte ata esgotar as viaxes ou saia a resolución definitiva do curso (neste caso 2018/2019)

O número máximo de anos que un alumno/a pode gozar desta axuda será:

Para os estudos das ramas de enxeñaría e arquitectura: dous anos máis dos establecidos no plano de estudos

Para o resto dos estudos : un ano mais dos establecidos no plano de estudos.

CONTÍA DAS AXUDAS

O importe máximo da subvención por cada alumno será en todos os casos de **124,8 €**.

- No caso do Campus da Coruña e para usar no transporte urbano coa tarxeta Millenium disporá de **260** viaxes subvencionadas pola Universidade con 0,48 euros cada unha.
- No caso das áreas de transporte metropolitano (ATM) e usando a tarxeta de transporte metropolitano de Galicia (TMG) as porcentaxes de bonificación en relación co número de saltos das viaxes realizadas son as seguintes:

SALTOS DA VIAXE	PREZO DA VIAXE CON TMG	PORCENTAXE DE BONIFICACIÓN	CONTÍA BONIFICADA	PREZO DA VIAXE CON BONIFICACIÓN
0	0,85	50%	0,42	0,42
1	0,85	50%	0,42	0,42
2	1,30	35%	0,45	0,83
3	1,84	25%	0,45	1,36
4	2,24	20%	0,44	1,77

FINANCIAMENTO

O financiamento destas axudas, polo importe de 258.336 €, farase con cargo á partida orzamentaria 0300030026 422D 48003 “Axuda transporte urbano e das areas metropolitanos” da UDC.

Concederanse 2070 axudas as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria **podendo ser incrementado o importe en función da dispoñibilidade orzamentaria.**

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

As axudas concederanse en función da Renda Persoal Dispoñible (de menor a maior RPD) definida esta como a renda familiar da persoa solicitante, calculada segundo establece Real Decreto 726/2017 do 21 de xullo, polo que se establecen os límites da renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2017-2018 e se modifica o Real Decreto 1721/2007, do 21 de decembro (BOE do 22 de xullo)

No caso de empate seralle concedida a axuda ao solicitante coa nota media máis alta no expediente académico ou nas probas de acceso á Universidade no caso dos alumnos que inicien estudos universitarios.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Sección de bolsas – Pavillón de estudantes
Campus de Elviña – 15071 A Coruña
Correo Electrónico: bolsas@udc.es

En ningún caso se poderá recibir esta axuda cando a RPD sexa superior os 13.500€.

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán cumprimentarse a través da aplicación informática á que se accede dende:

<http://aplicacions.sic.udc.es/SolicitudBonobus> ou

<http://servizos.udc.es>

Unha vez cumprimentada a solicitude, esta deberá ser impresa e asinada polo/a solicitante e mais polos demais membros computables da familia.

Xunto coa solicitude haberá que presentar a documentación relacionada no Anexo II desta convocatoria.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A solicitude presentárase na Sección de Bolsas da UDC (Universidade da Coruña) sita no Pavillón de Estudantes no Campus de Elviña de luns a venres de 9 a 14 horas ou no SAPE do Campus de Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo, andar baixo - Campus de Esteiro- Ferrol)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será **desde o día seguinte á súa publicación no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC até o 11 de outubro de 2017.**

RESOLUCIÓN

Unha vez que remate o proceso de avaliación das solicitudes publicarase a relación provisional das solicitudes concedidas e denegadas, xunto coa causa que implica a súa denegación. As persoas interesadas disporán dun prazo de sete días hábiles para achegaren a documentación que permita emendar os erros que se apreciaren. Posteriormente publicaranse as relacións definitivas das solicitudes concedidas e denegadas. Todas as listaxes publicaranse no taboleiro electrónico da UDC. Esta publicación, así como os sucesivos actos de procedemento de concesión cuxa publicación se determina nesta convocatoria, cumprirán cos efectos previstos nos artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 20 de setembro de 2017

O reitor

Julio E. Abalde Alonso



ANEXO I

AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA

A presentación de solicitude de axuda ao transporte coa sinatura do solicitante e demais membros computables da familia implicará a autorización a UDC para obter a través das correspondentes administracións tributarias, os datos necesarios para determinar a renda e o patrimonio familiar dos membros computables da familia do/a solicitante a efectos desta convocatoria, así como aquelas outras informacións acreditativas das situacións persoais alegadas e que estean en poder dalgunha administración pública. Para iso é imprescindible que as solicitudes sexan asinadas por todos os membros computables da familia.

No caso de que a solicitude de axuda para transporte urbano sexa formulada por persoas que formen parte de unidades familiares nas que as Administracións Tributarias non dispoñan de datos, será o/a propio/a solicitante quen debe aportar información fidedigna sobre a situación económica e renda da súa unidade familiar.

Do mesmo xeito, si existisen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das administracións tributarias, requirirase ao/á solicitante a presentación do certificado resumo da declaración anual do imposto da renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións, de ser o caso, dos membros computables da súa familia.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR (artigo 9 do RD 726/2017 do 22 de xullo)

Aos efectos desta convocatoria a renda familiar calcularase como segue:

1.- A renda familiar obterase pola agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos parágrafos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas estatal. Para os efectos desta convocatoria computarase o exercicio 2016.

2.- Para a determinación da renda dos membros computables que presentaran declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, procederase do seguinte modo:

a) Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndose todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2012 a 2015 e o saldo neto negativo de rendementos do capital mobiliario de 2012 ao 2015 a integrar na base imponible do aforro.

b) Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

3.- Para a determinación da renda dos membros computables que obteñan ingresos propios e non presentaran declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, seguirase o procedemento descrito no parágrafo a) anterior e do resultado obtido restaranse os pagos a conta efectuados.

Deducións da renda familiar: (artigo 10 do RD 726/2017 do 22 de xullo)

No curso 2017-2018, aplicaranse as seguintes deducións da renda familiar:

1.- O 50% dos ingresos aportados por calquera membro computable da familia distinto aos sustentadores principais.



Sección de bolsas – Pavillón de estudantes
Campus de Elviña – 15071 A Coruña
Correo Electrónico: bolsas@udc.es

2.- 525 euros por cada irmán/irmá que sexa membro computable e conviva no domicilio familiar, incluído o solicitante, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral, e 800 euros para familias numerosas de categoría especial, sempre que teña dereito a este beneficio. Cando sexa o propio/a solicitante o titular da familia numerosa, as cantidades sinaladas serán computadas en relación cos fillos que a compoñan. Esta dedución será de até 2000€ na convocatoria de axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

3.- 1.811 euros por cada irmán/irmá ou fillo/a do/a solicitante ou o/a propio/a solicitante que presente discapacidade legalmente recoñecida de grao igual ou superior ao 33%; ou 2.881 euros cando a discapacidade sexa de grao igual ou superior ao 65%. Esta dedución será de 4000 euros polo solicitante e outro tanto por cada un dos seus irmáns con discapacidade legalmente cualificada de grao igual ou superior ao 33% na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

4.- 1.176 euros por cada irmán do solicitante menor de 25 anos ou o propio solicitante que curse estudos universitarios e resida fóra do domicilio familiar, cando sexan dous ou máis os estudantes con residencia fóra do domicilio familiar por razón de estudos universitarios.

5.- O 20% da renda familiar cando o solicitante sexa orfo absoluto e menor de 25 anos.

Outros límites indicativos (artigo 11 do RD 726/2017 do 22 de xullo)

Independentemente de cal sexa a renda familiar calculada segundo o disposto nos apartados anteriores, denegarase a solicitude da axuda para transporte urbano para o curso 2017-2018 cando se superen os límites indicativos de patrimonio familiar que se fixan a continuación:

1.- A suma dos valores catastrais das fincas urbanas que pertencen aos membros computables da familia, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 42.900 euros. No caso de inmobles nos que a data de efecto da última revisión catastral estivera comprendida entre o 1 de xaneiro de 1990 e o 31 de decembro de 2002, multiplicaranse os valores catastrais por 0,49. No caso de que a data da mencionada revisión fora posterior ao 31 de decembro de 2002, os valores catastrais multiplicaranse polos coeficientes seguintes:

Por 0,43 os revisados no 2003

Por 0,37 os revisados no 2004

Por 0,30 os revisados no 2005

Por 0,26 os revisados no 2006

Por 0,25 os revisados no 2007

Por 0,25 os revisados no 2008

Por 0,26 os revisados no 2009

Por 0,28 os revisados no 2010

Por 0,30 os revisados no 2011

Por 0,32 os revisados no 2012

Por 0,34 os revisados no 2013



Sección de bolsas – Pavillón de estudantes
Campus de Elviña – 15071 A Coruña
Correo Electrónico: bolsas@udc.es

Por 0,36 os revisados no 2014

Por 0,36 os revisados no 2015

Por 0,36 os revisados no 2016

Nos inmobles enclavados na Comunidade Foral de Navarra o valor catastral multiplicarase en todo caso por 0,50.

A Dirección Xeral do Catastro facilitará a relación de municipios que correspondan a cada unha das situacións indicadas, para os efectos de aplicación do coeficiente de ponderación.

2.- A suma dos valores catastrais das construcións situadas en fincas rústicas, excluído o valor catastral da construción que constituía a vivenda habitual da familia non poderá superar os 42.900€, sendo aplicables as citadas construcións os coeficientes multiplicadores en función do ano no que se efectuara a última revisión catastral que se establece no apartado a) anterior.

3.- A suma dos valores catastrais das fincas rústicas excluídos os valores catastrais das construcións que pertencen aos membros computables da familia non poderá superar 13.130€ por cada membro computables

4.- A suma dos rendementos netos reducidos do capital mobiliario máis o saldo neto positivo de todas as ganancias e perdas patrimoniais pertencentes aos membros computables da familia non poderá superar os 1700 euros

Non se incluírán nesta suma as subvencións recibidas para adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual, a renda básica de emancipación, nin o importe dos premios en metálico ou en especie obtidos pola participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias inferiores a 1500 euros. As ganancias patrimoniais derivadas dos mencionados premios computaranse segundo a normativa do IRPF.

O valor destes elementos indicativos de patrimonio determinarase de conformidade co disposto na normativa estatal do IRPF polos eu valor a 31 de decembro de 2016

5.-Cando sexan varios os elementos indicativos do patrimonio descritos nos apartado anterior de que dispoñan os membros computables da familia, calcularase a porcentaxe do valor de cada elemento respecto ao límite correspondente. Denegarase a axuda para transporte urbano cando a suma das referidas porcentaxes supere o valor cen.

6.- Tamén se denegará a axuda para transporte urbano cando se comprobe que a suma dos ingresos que se indican a continuación obtida polos membros computables da familia supere a cantidade de 155.500 euros:

a) Ingresos procedentes de actividades económicas en estimación directa ou en estimación obxectiva.

b) Ingresos procedentes dunha participación dos membros computables igual ou superior ao 50% en actividades económicas desenvolvidas a través de entidades sen personalidade xurídica ou calquera outra clase de entidade xurídica, unha vez aplicado aos ingresos totais das actividades a porcentaxe de participación nas mesmas.

6.- Para os efectos do cómputo do valor dos elementos a que se refiren os parágrafos anteriores, deducirase o 50% do valor dos que pertencen a calquera membro computable da familia, excluídos os sustentadores principais.



MEMBROS COMPUTABLES

1.- Para o cálculo da renda familiar a efectos desta convocatoria, serán membros computables da familia o pai e a nai, o titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor, no seu caso; o solicitante, os irmáns menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2016 ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade, así como os/as ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se considerarán membros computables o cónxuxe ou, no seu caso a persoa a que estea unida por análoga relación (sexa parella de feito rexistrada ou non) así como os fillos se os houber e que convivan no mesmo domicilio.

2.- No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa solicitante de bolsa. Non obstante, no seu caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio incluíranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

Cando o réxime de custodia dos fillos sexa o de custodia compartida consideraranse membros computables o pai e a nai do solicitante, os fillos comúns e os ascendentes do pai ou da nai que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

3.- Nos supostos en que o solicitante da bolsa ou axuda sexa un menor en situación de acollemento será de aplicación a familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores. Cando se trate dun maior de idade terá a consideración de non integrado na unidade familiar para estes efectos.

4.- Nos casos nos que o solicitante alegue a súa emancipación ou independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar documentalmente esta circunstancia, e que conta cos medios económicos propios suficientes que lle permitan a súa independencia así como a titularidade ou aluguer do seu domicilio habitual.. En caso contrario, e sempre que os ingresos acreditados resulten inferiores aos gastos soportados en concepto de vivenda e outros gastos considerados indispensables, entenderase non probada a independencia polo que para o cálculo da renda e patrimonio familiar a efectos de axuda ao transporte computaranse os ingresos correspondentes aos membros computables da familia a que se refiren os apartados 1 e 2. deste artigo.

Tratándose de estudantado independente ou que forme parte de unidades familiares independentes, entenderase por domicilio familiar aquel no que o alumno habite durante o curso, por coincidir nestes casos a residencia do estudante durante o curso co seu domicilio familiar.

A independencia familiar acredítase mediante un padrón distinto aos dos proxenitores nun domicilio propio, en propiedade ou aluguer, solo ou compartido, e que non pertenza a ningún familiar ata o 4º grado de consanguinidade ou 2º de afinidade.

A Universidade da Coruña (UDC) poderá denegar esta axuda ou revogala no caso de que se apreciaren ou detectaren unidades familiares que xustifiquen uns ingresos que



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Sección de bolsas – Pavillón de estudantes

Campus de Elviña – 15071 A Coruña

Correo Electrónico: bolsas@udc.es

obxectivamente están por debaixo do nivel de gastos, se non acrediten os medios de vida cos que contan.

ALEGACIÓN DE INDEPENDENCIA FAMILIAR

Aquel alumnado que alegue independencia familiar e económica deberá acreditar documentalmente esta circunstancia, os medios económicos cos que conta e a titularidade ou aluguer do seu domicilio. Para determinar os medios económicos utilizarase como referencia o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) que anualmente aproba o Goberno. Para telo en conta, deberá cumprir cando menos estes requisitos:

- a) Demostre a titularidade ou o aluguer do seu domicilio.
- b) Que leve empadroadado nese domicilio cando menos todo o ano 2016.
- b) Tivera, como mínimo, os ingresos anuais por renda no ano 2016 que marca o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples).



ANEXO II

DOCUMENTOS OBRIGATORIOS QUE HAI QUE PRESENTAR COA SOLICITUDE DE AXUDA PARA TRANSPORTE URBANO PARA UNIVERSITARIOS

1. Documentación xeral:

- Fotocopia do DNI do solicitante e dos membros da unidade familiar.
- Certificado de convivencia conxunta da unidade familiar.

2. Documentación Económica:

A UDC cruzará datos coa AEAT de todos os membros computables da unidade familiar.

No caso de non ter a obriga de presentar a declaración da renda, e non haxa datos de imputación na AET deberá achegar, segundo sexa o caso, documentación pola que se xustifiquen os ingresos:

- Certificado de imputación de renda expedido pola organismo similar a Axencia Tributaria correspondente ao exercicio 2016 no caso de teren ingresos no estranxeiro, certificado expedido pola Seguridade Social dos períodos de cotización e certificados de haberes e retencións dos mesmos; certificado de prestación e subsidios de desemprego; documento da/s entidade/s bancarias no que consten os rendementos de capital mobiliario e ganancias e perdas patrimoniais percibidas durante o ano 2016.
- No caso de seren pensionistas copia do xustificante anual da pensión ou pensións.

Fotocopias dos recibos da contribución urbana e rústica (catastro) do exercicio 2016, **excluída a vivenda habitual**.

De ser o caso deberá achegarse tamén:

Copia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador

Copia da acta de constitución de sociedades e do imposto de sociedades así como o resumo anual dos impostos sobre o valor engadido (IVE).

Xustificación da situación que dá dereito a algunha das deducións establecidas nesta convocatoria.

A Universidade da Coruña (UDC) convoca as presentes axudas de transporte dirixidas a facilitar o estudo ao alumnado desta universidade de acordo co artigo 45 da Lei Orgánica 6/2001 d0 21 de decembro de Universidades así como co artigo 63 dos Estatutos da UDC.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Sección de bolsas – Pavillón de estudantes
Campus de Elviña – 15071 A Coruña
Correo Electrónico: bolsas@udc.es

Tarxeta Xoven para o transporte interurbano.

Aquel alumnado que inicie estudos universitarios e sexa menor de 19 anos, podería solicitar a TMG para facer efectivo as viaxes unha vez que cumpra os 19 anos e esgote todas as da Tarxeta Xove,, xa que mentras tanto tería todas as viaxes de balde é élle moito máis favorable. O alumnado afectado por esta circunstancia tería a obriga de comunicar a sección de Bolsas a data en que esgotou as viaxes para activar a outra TMG.